

O Máster Oficial en Banca e Finanzas da Universidade da Coruña é un completo programa que persegue proporcionar unha formación financeira avanzada e actual.

Os alumnos adquirirán amplos coñecementos sobre o sistema financeiro, mercados de capital, instrumentos financeiros e funcionamento de entidades bancarias. Así mesmo coñecerán diversas ferramentas matemáticas e informáticas que lles permitirán desempeñar múltiples tarefas relacionadas coas finanzas de mercado e empresariais.



Máster Oficial en

BANCA E FINANZAS

Facultade de Economía e Empresa

Coordinadora: Begoña Álvarez García
Facultade de Economía e Empresa
Campus de Elviña, 15071

Tel: +34 981 16 70 00/ Ext. 2560, 2428

E-mail: balvarez@udc.es

[http://www.economicas.udc.es/contenido.php?idpag=3010104
&idcon=pag20091130113016](http://www.economicas.udc.es/contenido.php?idpag=3010104&idcon=pag20091130113016)



Prácticas en empresas

Unha parte importante do **Máster en Banca e Finanzas** son as prácticas en empresas e entidades financeiras orientadas a ofrecer aos/as participantes unha formación complementaria á estrita actividade lectiva.

Os convenios subscritos con empresas e institucións financeiras permítenlle ao alumnado realizar prácticas tuteladas nas que ten a oportunidade de aplicar parte dos coñecementos adquiridos no Máster, á vez que se adentra para acceder con garantías de éxito ao mercado laboral.

A quen vai dirixido

O **Máster en Banca e Finanzas** vai dirixido ao estudiantado egresado de titulacións de contido económico e empresarial, a profesionais que busquen actualizar ou ampliar os seus coñecementos e a titulados/as en Dereito, Matemáticas, Enxeñarías, Xornalismo ou calquera outra titulación con demanda no sector da banca e as finanzas.

Saídas profesionais

Analista financeiro, xestor de patrimonios, asesor de investimentos, operador intermediario, executivo de banca e director financeiro son algúns dos perfís profesionais aos que se orienta a formación proporcionada por este Máster.

Prezo

O prezo aproximado do crédito ECTS é de 22 euros (referencia do curso 2012/13).

Duración e contidos

O Máster ten unha duración dun curso académico e intégrase en **60 créditos ECTS** repartidos entre as seguintes materias:

Sistema financeiro

Mercados financeiros

Macroeconomía

Banca

Mercadotecnia financeira

Dereito da intermediación financeira

Técnicas estatístico-económicas aplicadas

Valoración financeira

Valoración de activos financeiros

Instrumentos financeiros derivados

Análises e xestión de riscos

Contabilidade de entidades e instrumentos financeiros

Fiscalidade de operacións e instrumentos financeiros

Sistemas de información

Tese de Máster

Prácticas en empresa

As clases desenvólvense de **luns a mércores** en horario de tarde e, ademais da superación das probas propias de cada materia, esíxese a asistencia a un mínimo do 80% das actividades programadas para obter o título, dado o carácter presencial do Máster.